



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 006

Resolución da Alcaldía-Presidencia

Asunto.- Aprobación da convocatoria de axudas sociais destinadas ao persoal funcionario do Concello de Miño correspondentes ao exercicio 2020.

Expediente nº.- 2020/X998/000202.

Logo de ver que esta Alcaldía asinou o pasado 20.07.2020 providencia de incoación de expediente administrativo co seguinte contido literal:

"Segundo antecedentes que constan ante esta Alcaldía, en data 11.01.1993 no BOP nº 7 publicouse un acordo regulador das condicións de traballo e dereitos dos funcionarios deste concello.

*Así mesmo, consta que dito acordo foi denunciado no exercicio 2018 co gallo de iniciar novas negociacións, mais tal e como se prevé no seu artigo 1.2 apartado c) ("Prórroga do acordo.- Denunciado o pacto e ata tanto non se logre un novo acordo expreso, manterase en vigor o presente en todo o seu contido normativo, salvo no que afecta ó capítulo de retribucións.....") as previsións contidas no Capítulo V sobre "**Melloras sociais e asistencias**" mantiveron/manteñen a súa vixencia dende a denuncia do acordo e ata o momento actual, en tanto, que este concello a día de hoxe non logrou un novo acordo regulador expreso.*

*Por outro lado consta tamén que o Pleno municipal desenvolveu estes dereitos dos funcionarios do concello de Miño nas BEO, prevíndose na Base 73ª da **execución do orzamento de 2019, prorrogado para o ano 2020**, o réxime aplicable ás axudas sociais destinadas ao persoal funcionario nos seguintes termos:*

"BASE 73ª. AXUDAS SOCIAIS DESTINADAS AO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MIÑO

A convocatoria para a concesión deste tipo de subvencións sociais e asistencias ao persoal funcionario do Concello de Miño requirirá da previa aprobación da convocatoria que se realizará preferentemente, dentro do derradeiro trimestre do exercicio. A competencia corresponderá ao Alcalde-Presidente, ou órgano en que delegue, unha vez redactadas as bases e fiscalizadas pola Intervención municipal.

A convocatoria publicarase como regra xeral no BOP. Non obstante, no caso en que pola súa escasa contía ou cando concorran outras circunstancias que así o aconsellen, poderase substituír a publicación no BOP polo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do concello indicándose na convocatoria o prazo durante o cal poderán presentarse as mesmas. Na convocatoria determinarase así mesmo a documentación requirida en cada caso, contía das axudas, beneficiarios....Corresponde a comisión paritaria de estudo e seguimento do Acordo Regulador de Funcionarios, a tramitación, estudo, interpretación e resolución de dúbidas de feito ou de dereito das solicitudes presentadas; así como elevar a proposta de concesión das axudas económicas a que se refire esta convocatoria á Presidencia da corporación, que concederá as mesmas por resolución".

Conforme ao exposto, esta Alcaldía verificou que o concello no exercicio 2019 a causa dunha interpretación errónea dos efectos da denuncia do acordo non procedeu a convocar as axudas correspondentes a dito exercicio, polo que superada dita interpretación procede no presente convocar as axudas correspondentes ao exercicio corrente de 2020 así como ás do exercicio pechado 2019, coa finalidade de non lesionar os lexítimos dereitos do persoal funcionario municipal.

*Verificouse tamén que as dotacións de crédito da partida que dá cobertura a estes gastos para o presente exercicio de 2020 (**2020. 0. 211. 0. 162.04**) ascenden a un total de 6.010,00 euros, estimando esta Alcaldía, conforme aos datos extraídos da execución orzamentaria do gasto correspondente ás tres últimas convocatorias de axudas sociais outorgadas por este concello ao persoal funcionario municipal (Ano 2016: 1.685,74 euros; Ano 2017: 1.348,50 euros; e Ano 2018: 1.422,60 euros) importe máis que suficiente para dar cobertura a ambas convocatorias (2019 e 2020) sen necesidade de realizar en consecuencia modificacións orzamentarias para dotar crédito á convocatoria do exercicio pechado.*

A vista de todo o anterior, da presente providencia de inicio dáselle traslado ao departamento tramitador a efectos de que incorpore ao expediente as propostas de convocatoria 2019 e 2020 xunto cos documentos contables RC a efectos de acreditar a cobertura orzamentaria do gasto proxectado conforme ao seguinte desglose:

- Convocatoria ano 2019.....3.005,00 euros
- Convocatoria ano 2020.....3.005,00 euros

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 006

Unha vez reunida a documentación anterior, déselle traslado do expediente ao departamento de intervención a efectos de emitir o correspondente informe de fiscalización”.

Logo de ver que en cumprimento e de conformidade coa providencia de inicio transcrita constan incorporados ao expediente os seguintes documentos:

Proposta/borrador de bases que rexerán a convocatoria polo concello de Miño de axudas sociais a conceder ao seu persoal funcionario, exercicio 2020, asinadas por esta Alcaldía o pasado 24.07.2020.

Documento contable RC na partida 2020. 0. 211. 0. 162.04 con referencia contable nº 220200004879 de data 20.07.2020.

Informe de fiscalización previa favorable á aprobación do gasto que representa a convocatoria obxecto do presente expediente asinado pola intervención municipal en data 27.07.2020.

Esta Alcaldía, tendo en conta os antecedentes e fundamentos expostos, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, mediante a presente

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria polo Concello de Miño de axudas sociais destinadas ao seu persoal funcionario correspondentes ao exercicio 2020, así como as bases reguladoras que rexerán a mesma nos termos recollidos na proposta/borrador asinado por esta alcaldía en data 24.07.2020 segundo consta no expediente.

Segundo.- Aprobar o gasto que representa a presente convocatoria por importe total de **3.005,00 euros** con cargo a partida **2020. 0. 211. 0. 162.04**.

Terceiro.- Ordenar se proceda a publicar a presente convocatoria e o texto íntegro das bases que a rexerán no taboleiro de anuncios do concello.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución á intervención municipal aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

En Miño, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Dou fe, a secretaria

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

Asdo./ Alejandra Rodríguez Menéndez